

Normativa para o uso de dependencias da ETSE

(Aprobada por Xunta de Escola de 7 de xullo de 2005)

- 1.- As dependencias susceptibles de ser usadas para a organización de actividades son as Aulas de Informática, Aulas de teoría, Laboratorios de Prácticas, Planta Piloto e Salón de Actos.
- 2.- As actividades preferenciais son as de tipo formativo ou de divulgación de temas científicos ou tecnolóxicos. Tamén poden proporse todo tipo de actividades sempre que sexan legais, que non resulten ofensivas para persoas ou que inciten á violencia. Non son obxecto desta normativa o desenvolvemento de actividades académicas reguladas.
- 3.- Poderán solicitar as dependencias da ETSE:
 - a) Persoal Docente e Investigador e PAS da USC
 - b) Representantes de alumnos na Xunta de Escola, Delegados ou subdelegados de curso da ETSE ou representantes de Asociacións de estudantes recoñecidas pola USC.
 - c) Persoas ou institucións alleas á USC.
- 4.- O(s) solicitante (s) fará(n) a súa petición en impreso normalizado, indicando calendario e obxecto da actividade, indicando expresamente as posibles perturbacións que poidera producir sobre as actividades docentes .
- 5.- O solicitante, en nome propio ou da asociación ou institución que representa, faráse responsable dos contidos da actividade e, no seu caso, dos danos ás instalacións.
- 6.- A Dirección da ETSE comunicará o(s) solicitante(s) a aprobación ou non da actividade e as condicións de uso das instalacións, motivando, no seu caso, as razóns da denegación.
- 7.- A cesión temporal das instalacións da ETSE para a realización de actividades leva asociado o pago dun canon, tal como está regulamentado pola USC.
- 8.- Adicionalmente, os organizadores deberán facer fronte a todo-os gastos derivados da realización da actividade, incluíndo posibles custes de persoal auxiliar da ETSE que puidera resultar necesario.
- 9.- Como norma xeral, estarán exentas do pago do canon todas aquelas actividades promovidas por persoal da USC, agás, no seu caso, a celebración de Congresos ou Simposios.